

**INTERVENCIÓN DE PEDRO PUY, PORTAVOZ DO GRUPO
PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA, NO DEBATE DO
ESTADO DA AUTONOMÍA.**

(9 de outubro de 2018)

Sr. Presidente,
Señorías,

I

“Sen rodeos

O mundo de hoxe só ten dous problemas.

1.- O mundo

e 2.- Hoxe

Tres, se contamos mañá.”

O que lles acabo de ler non é meu.

É un dos tuits-aforismo que publica Eric Jarosinski no seu “ Nein. Un manifiesto”, ao que cheguei grazas ao escritor galego Manuel Rivas.

Un libriño cheo de “chispas de lucidez” que serven para enfocar a intervención de quen ten a honra, por sexta vez consecutiva, de representar ao grupo maioritario da Cámara no Debate sobre o Estado da Autonomía, un debate que se debería centrar sobre a situación política do país.

(E é certo, como escribe o propio Jarosinski noutro dos seus tuits, que se somos sinceros, todo é política, o resto é estética que tamén é política).

É, efectivamente, non podemos falar da situación política de Galicia sen contextualizala, no mundo, e no presente, pero sen perder de vista que o obxectivo de este debate é facer unha boa diagnose de como están as cousas, para sobre esa base facer propostas para un mañá mellor.

E moi posiblemente, desde 2011, o contexto, o “mundo” que nos rodea, non ten mudado nos 12 meses que transcorren entre Debate e Debate do Estado de Autonomía, tanto como este ano, coincidindo co paso do ecuador da Lexislatura.

En primeiro lugar, estamos celebrando o 40 aniversario da Constitución Española.

A primeira Constitución na nosa historia contemporánea que é froito dun amplo consenso; que é plenamente democrática; e que ten permitido á sociedade española progresar na convivencia e no respecto aos dereitos humanos, no benestar social, e no autogoberno das nacionalidades e rexións que compoñen España como nunca antes nos últimos dous séculos.

En segundo lugar, cómprese dez anos do inicio da peor crise económica que padeceu España no século XX. Unha crise, afortunadamente superada; pero que deixou

obvias secuelas na nosa sociedade, que cómpre continuar resolvendo.

Unha crise en orixe financeira; que enseguida incidiu na economía real, e que afectou moi especialmente a países que, como España, non aproveitaron a etapa previa de expansión para modernizar a súa base produtiva, adaptándoa ás novas esixencias dun mundo cada vez mais globalizado; que se atopou cunha enorme débeda externa, fundamentalmente privada e como consecuencia da entrada en vigor do Euro, que impulsou a burbulla inmobiliaria que reforzou a crise financeira, deixando en evidencia non só a gobernos pouco previsores senón tamén a algunhas das nosas máis importantes institucións, como o Banco de España.

Xusto a situación que se atopou o actual Presidente da Xunta, e o Partido Popular de Galicia en marzo de 2009, cando as consecuencias desa crise económica se

empezaban a sentir pola cidadanía (taxa paro crecendo a razón de 50.000 parados ao ano) e nos ingresos públicos (2.200 M€ menos dos orzamentados nos anos 2008-2009).

E en terceiro lugar, este Debate ten lugar aos 4 meses da elección de Pedro Sánchez como Presidente do Goberno de España.

Un cambio significativo, ao ser o resultado dunha moción de censura, lexítima, e constitucional; pero en si mesma novidosa:

a) porque o seu resultado foi que, por primeira vez nos 40 anos de vixencia da Constitución goberna en España unha forza política que non foi a máis votada pola cidadanía;

b) porque o fixo sen aportar un programa de goberno alternativo, o que ten como consecuencia unha grande incerteza sobre os obxectivos da acción do goberno. Unha

incerteza que se incrementa polas continuas rectificacións do propio goberno; que van desde o único compromiso asumido polo entón candidato, Sr. Sánchez, no propio debate (a convocatoria de eleccións xerais); á reforma laboral; á sostenibilidade das pensións; ao cumprimento da senda do déficit; aos impostos e a fiscalidade; ou mesmo ao cumprimento de contratos internacionais que garantían carga de traballo para os nosos estaleiros

c)e novidosa, tamén, porque na maioría que respaldou a moción de censura, se integraron forzas políticas que están a impulsar, desde as institucións cataláns, unha subversión da orde constitucional e a demandar, para cuestións tan ordinarias como o respaldo aos orzamentos, demandas contrarias a esa mesma orde constitucional que contempla como lexítimo o mecanismo da moción de censura:

▶ Nada menos que un referéndum de autodeterminación.

▶ Nada menos que pedirle ao goberno que interfira na autonomía e independencia do poder xudicial.

II

Houbo, certamente, máis cambios no noso mundo no último ano.

▶ Cómprese xustamente 1 ano desde que o Partido Socialista de Galicia elixiu ao seu novo líder, o profesor Gonzalo Caballero. Un ano que non aproveitou para incorporarse a vida institucional; aínda que acaba de anunciar que pronto o fará, deixando, na miña opinión, nunha posición cando menos algo incómoda a quen ven desempeñando as súas funcións con lealdade ao seu Grupo nesta Cámara.

► Neste último ano o principal grupo da oposición, a Marea, continuou, nisto non se pode falar de moita novidade, coa “construción” do seu “espazo”. Sen moito éxito; e á vista da proliferación de candidatos a encabezar o proxecto, con dificultades para encontrar a un director ou directora da obra en construción aceptado alo menos por unha maioría. Inmersos nunha furna de urnas, e digo ben, a sociedade galega pode comprobar día a día como a democracia asemblearia é un modelo menos operativo que a representativa para a xestión do común, cando nin sequera quen cre nela son capaces de poñerse de acordo na súa propia estrutura, na súa propia organización, e no seu liderado.

► No último ano, a sociedade galega tamén puido confirmar como as formas no BNG evoluíron de forma inversamente

proporcional a súa posición política de fondo; e que esta forza nos trae, unha e outra vez, e pese ás evidencias racionais en contra, as mesmas propostas que lle plantexaba á sociedade galega en 1977: Bases constitucionais e nacionalización económica; cupo e tarifa eléctrica; como se desde a caída do muro de Berlín, ou a desintegración da Iugoslavia non fosen acontecementos dignos de ser tidos en conta.

Un conxunto de feitos, todos eles vistos á vez, que nos fan, unha vez máis, e simplemente imaxinando o goberno que podería ter saído de semellante agrupación, decatarnos a quen formamos parte da maioría parlamentaria da enorme responsabilidade que depositou en nós a maioría das galegas e galegos; aos que hoxe, outra vez, lle agradecemos a súa reiterada confianza e apoio

► Unha maioría na que, no último ano, houbo tamén cambios, como os houbo no propio Goberno.

E non quero deixar de referirme ao máis doloroso de todos eles.

O pasado 21 de maio faleceu o noso compañeiro Carlos López Crespo.

Estivo pouco tempo con nós no Parlamento. Pero desfrutouno. E nós da súa compañía e exemplo de lealdade e traballo comprometido polos seus veciños de Outes, do Barbanza e de Galicia toda. O lembramos con agarimo e respecto; e aproveito, unha vez máis, para agradecer as mostras de condolencia que todos os membros desta Cámara trasladaron á súa familia e ao GPP.

Houbo, no grupo maioritario, cambios máis felices.

O noso compañeiro, Jose González, foi nomeado Conselleiro do medio Rural, para darlle un novo impulso á política do sector primario tras a excelente xestión desenvolvida por Ánxeles Vázquez; xestión que a avalou para asumir novas responsabilidades no ámbito medio ambiental en coordinación co medio rural.

Uns cambios, en fin, que reflectiron e avanzaron as prioridades do Goberno neste contexto:

1º) Seguir reforzando o desenvolvemento sostible, tanto medio ambiental como económico, do medio rural galego.

2ª) Reforzar as políticas sociais.

3º) Facer do binomio Cultura Turismo, felizmente unidos no próximo Ano Xacobeo, nun acontecemento que esperamos que sexa unha grande oportunidade para Galicia.

4º) Reforzar a mobilidade, habitabilidade e conectividade de Galicia; pola súa importancia económica e no Benestar.

5º) Darlle continuidade ás políticas económicas que están a permitir que Galicia medre, cree emprego, e o faga de forma máis equilibrada e sostible que no pasado.

En definitiva, cambios que lle dan un novo pulo reformista á acción do Goberno, de quen hoxe o Presidente acaba de dar, co seu discurso, novas probas.

Porque, Señorías, o PPdeG é un partido reformista; que quere conservar o bo, e cambiar o que non funciona. Un partido liberal-conservador democrático que sempre defenderá

- o respecto á dignidade das persoas
- a liberdade,

-e a igualdade tanto á de oportunidades como a redistributiva.

En definitiva, unha forza política que quere abordar o futuro para acadar obxectivos compartidos

-sen repetir erros pasados

- con propostas realistas adaptadas aos feitos

Porque, como unha e outra vez comprobamos, e en palabras de Jarosinski no tuit “Dulces sueños truncados”, hai unha mala noticia para os utópicos:

“Os sueños non se fan realidade”

Pero hai outra aínda peor

“Pode que os teus si”

E un mero balance das políticas sociais realizadas polos concellos das mareas bastaría para confirmar a cuestión.

III

Dicía ao inicio da miña intervención que o contexto vennos marcado por tres grandes cambios, que xeran os tres grandes problemas nos que desde a maioría lles queremos dar solución.

► No ámbito económico, o emprego e os salarios; que pese a súa constante recuperación aínda teñen moito camiño por recorrer.

Un proceso de creación de emprego e de mellora salarial que nos últimos meses manda sinais de desaceleración ás que debemos respostar de maneira axeitada, á luz da experiencia da última crise.

► No ámbito social, e como consecuencia do problema económico (paro e salarios) o principal reto é o da igualdade.

A crise ten deixado, como toda grande crise, a moitas persoas na marxe da exclusión social. E non podemos permitilo.

► E no ámbito político as incertezas e inestabilidades que se teñen xerado nos últimos tempos, e en particular, no último ano; que esixen, tamén, unha reposta axeitada ante os riscos que corre o noso sistema constitucional, e por ende, e con carácter xeral no entorno institucional, a democracia.

IV

Analicemos, en primeiro lugar, a situación económica, tanto a da Economía en xeral, como á da Pública en particular.

No ámbito económico, cómpre partir de dous feitos, constatables en datos.

Cando se produce a moción de censura, España

- 1) Encadea 3 anos de crecemento do PIB; acadando a finais de 2017 un valor total de 1 Billón 163 mil millóns de € (o seu máximo histórico)
- 2) Catro anos de creación de emprego (pasando de 17,3 millóns de traballadores a 19 a finais de 2017; unha media de case medio millón ao ano) e coa taxa de paro reducíndose, neses 4 anos, 10 puntos, desde o 26,94% ao 16,74%.


E Galicia seguiu a mesma senda, mesmo incrementada.

Deste xeito, o PIB per cápita acadou o seu máximo histórico no ano 2017, pasando desde

os 21.800 € de 2008 aos cas 22.600 € no último ano. Deste xeito, acadamos tamén o noso máximo nivel de converxencia en relación á media española, e melloramos notablemente a nosa posición entre as CCAA.


En termos históricos, un éxito: de ter o 3º valor máis baixo no 2000 (só superado por Andalucía e Extremadura) ao posto 10º, superando, ademais das dúas anteriores, a Castela -A Mancha, Canarias, Murcia, Asturias e Valencia, as dúas últimas no 2017-2018

EVOLUCIÓN DO PIB PER CÁPITA DE GALICIA A PREZOS CONSTANTES 2017



Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. Contas Económicas de Galicia. Base 2017; IGE. Cifras provisionais de referencia

EVOLUCIÓN DO PIB PER CÁPITA DE GALICIA EN RELACIÓN A ESPAÑA (ESPAÑA=100)



Fonte: INE. Contabilidad Regional de España. Base 2010

Posición das Comunidades Autónomas segundo o PIB por habitante

	Posición			Diferenzas		
	2000	2008	2017	2017-2000	2008-2000	2017-2008
Andalucía	18ª	18ª	17ª	-1	0	-1
Aragón	7ª	5ª	5ª	-2	-2	0
Principado de Asturias	14ª	10ª	12ª	-2	-4	2
Illes Balears	3ª	7ª	7ª	4	4	0
Canarias	8ª	13ª	14ª	6	5	1
Cantabria	10ª	8ª	9ª	-1	-2	1
Castela- León	11ª	9ª	8ª	-3	-2	-1
Castela-A Mancha	16ª	16ª	15ª	-1	0	-1
Cataluña	5ª	4ª	4ª	-1	-1	0
Comunidade Valenciana	9ª	11ª	11ª	2	2	0
Extremadura	19ª	19ª	19ª	0	0	0
Galicia	17ª	12ª	10ª	-7	-5	-2
Comunidade de Madrid	1ª	1ª	1ª	0	0	0
Región de Murcia	15ª	15ª	13ª	-2	0	-2
Comunidade Foral de Navarra	2ª	3ª	3ª	1	1	0
País Vasco	4ª	2ª	2ª	-2	-2	0
A Ríoxa	6ª	6ª	6ª	0	0	0
Cidade Autónoma de Ceuta	12ª	14ª	16ª	4	2	2
Cidade Autónoma de Melilla	13ª	17ª	18ª	5	4	1

Fonte: Elaboración propia a partir de: INE. Contabilidad Regional de España Base 2010

Este mellor comportamento de Galicia permitiu que fose a C.A. que máis incrementase o nivel de converxencia en termos de PIB por habitante PPS con respecto á media europea; cando o conxunto de España perdeu 3 puntos de converxencia.

E iniciamos 2018 coas mellores perspectivas: o maior incremento do PIB nominal da Historia no primeiro trimestre (+3,7%); e un incremento interanual do 3,1 (España 3%) e con todos os organismos públicos (AIREF) e privados (BBVA research, Ceprede, Afundación, e outros) augurando un mantemento desta forte taxa de crecemento; no entorno dunha previsión para 2018 do 2,8%.

Aínda que en termos de emprego non recuperamos, en termos EPA, a poboación ocupada previa á crise, o certo é que isto se debe, fundamentalmente, á transformación da nosa estrutura produtiva, que non está tan

condicionada polo peso que acadou a construción coa burbulla inmobiliaria.

ESTRUTURA PRODUTIVA DE GALICIA					
Distribución porcentual do Valor engadido bruto total					
	2000	2005	2010	2015	2017
PIB pm	100	100	100	100	100
Agricultura, gandería e pesca	5,9	5,0	4,3	4,8	4,7
Industria	19,4	17,8	16,8	16,7	16,4
Construción	10,2	11,2	9,5	6,1	6,0
Servizos	54,8	55,5	60,5	63,0	63,6
Impostos netos sobre produtos	9,8	10,5	9,0	9,3	9,3

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Contas económicas trimestrais

Como se pode comprobar nas contas económicas anuais do IGE, nos últimos 8 anos medrou o peso do valor engadido bruto do Sector Primario (do 4,3% ao 4,7%), o do sector servizos (do 60,5% ao 63,6%), diminuíndo lixeiramente o da Industria (do 16,8% ao 16,4) e caendo significativamente o da construción do 9,5% ao 6%, o que á súa vez explica o comportamento do mercado laboral.

En relación cos salarios; que tras subir significativamente por riba da produtividade durante a etapa previa á crise, nos últimos

meses comeza a apreciarse unha recuperación, con incrementos interanuais (Monitor Adecco) do 1,9%, facendo que o salario medio en Galicia, aínda dos máis baixos de España, acade o seu máximo desde que hai series estatísticas ao respecto (1.483 €/mes, a finais do pasado agosto).

Porén, tanto a Economía Española como a Galega comezan a dar síntomas de unha lixeira desaceleración.

Hai motivos exteriores:

- ▶ As guerras proteccionistas iniciadas por Trump.; e as incertidumes que xenera o Brexit.

- ▶ A suba do prezo do petróleo e máis do gas.

- ▶ E a posible suba dos tipos de xuro polo previsible endurecemento do custo do

diñeiro polo BCE, o que pode frear o investimento e o consumo.

Pero tamén interiores.

Nomeadamente, os derivados da incertidume política e a inestabilidade do actual Goberno da Nación.

En primeiro lugar, pola ausencia de orzamentos, e a posible dificultade de poder sacalos adiante con 84 deputados, e satisfacendo á vez as demandas de Podemos; e as esixencias da UE. A dificultade de aprobar uns orzamentos desde gobernos moi minoritarios queda patente no último informe da rede Localis Galicia: desde 2015, a fragmentación política municipal fixo que só o 30% dos concellos galegos aprobaran as súas contas antes de fin de ano; o que marca a cifra da probabilidade que ten o actual goberno de España de aprobar as súas contas... xa no próximo ano e fora do que marca a lei.

A sucesión de declaracións contraditorias; entre ministros; e entre o que se di en España e o que se di en Alemaña, onde se fan eloxios da austeridade, non animan ao optimismo.

E aínda menos se atendemos a algúns dos globos sonda que se lanzan para evitar a desaceleración e continuar promovendo a creación de emprego:

► Cando se debilita o consumo, gravalo máis con impostos ao Diésel (o 85% dos consumidores galegos), que afectan a todos os prezos ao incidir no transporte.

► Cando se debilita o investimento, gravar ás sociedades máis, para frear a compra de accións.

► E cando a Débeda é, de acordo coa maioría dos economistas, un problema que a suba dos tipos de xuro só podería agravar, abrir a man do déficit, isto é, endebedarse

máis, é dicir por riba que se fai para pagar o gasto social ou as pensións. Endebedarse para afrontar gasto corrente....

Hai, certamente, motivos para a preocupación.

Neste contexto, o feito de que neste Parlamento vaiamos aprobar o teito de gasto, o Goberno aprobar os Orzamentos, e a Cámara aprobalos en prazo se converte, sorprendentemente, nunha noticia, cando o que é noticioso é xustamente o contrario.

Por iso este grupo atenderá a petición formulada esta mañá polo Presidente, e solicitará, ao termo do remate desde debate, a convocatoria dun Pleno extraordinario co fin de debater e aprobar o teito de gasto que se anunciou que o goberno aprobará mañán en Consello.

Galicia, nestes momentos ten uns mellores fundamentos económicos que a economía española; e un Presidente e unha maioría parlamentaria

- ▶ que permiten aprobar as contas públicas no seu prazo

- ▶ que van a seguir apoiando o consumo (dos máis febles economicamente) e o investimento cunha política fiscal predicible

- ▶ e que, en definitiva, se manteña a estabilidade económica e orzamentaria, é,

todo elo é unha boa nova.

Non en van, esta pasada fin de semana, a alcaldesa Colau demandou “un Pacto para aprobar os Orzamentos e garantir os servizos mínimos” e pedía “responsabilidad para que las instituciones funcionen”, e aos 3 niveis: estatal, autonómico e municipal. As facía en relación ao

ultimato do Sr. Torra. Sería bo que a oposición nesta Cámara tomase boa nota ou, cando menos, algunha nota.

E pasamos ao segundo gran problema que debemos abordar. O deterioro da Igualdade como consecuencia da crise.

E creo conveniente comezar con dúas precisións, para saber de que falamos cando falamos de igualdade, deixando claro que, como di o admirado profesor galego Antón Costas¹, contra a desigualdade hai que loitar por terra, mar e aire, polos seus nocivos efectos no propio crecemento económico e na xustiza social.

- Por terra, coas mellores políticas redistributivas.
- Por mar, cun mellor funcionamento dos mercados competitivos.

¹ Antón Costas "Contra la desigualdad por tierra, mar y aire". El País, 10/6/2018.

- E por aire, cunha maior concienciación dos responsables, en xeral, do mundo empresarial.

A primeira precisión é a que se refire ao estado de situación da desigualdade en Galicia.


E como saben, ou deberían saber, os que falan de igualdade, e non saben, e tamén deberían saber, aqueles aos que lles gusta facer demagogia co tema das desigualdades, para medir o grao de desigualdade nunha sociedade se utilizan diversos índices, que están comunmente aceptados tanto pola comunidade académica como polas organizacións que traballan no campo social.

O primeiro é o Índice de Gini, que é un coeficiente que atribúe o valor 0 á sociedade na que a igualdade é perfecta (todos gañan exactamente a mesma renda) e 1 á perfecta desigualdade (1 soa persoa gañaría todas as rendas e as restantes nada).

En consecuencia, a maior proximidade ao valor 0 indica unha sociedade máis igualitaria e ao valor 1 unha sociedade máis desigual.

Pois ben, o Indicador de Gini está en Galicia, exactamente igual no ano 2016 (último dispoñible) que o estaba no 2008; no 0,27.

Tras acadar máximos do 0,29 nos anos 13 e 15, volvemos á situación previa á crise, xa no ano 16 .




Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa estrutural a fogares; INE. Encuesta de condiciones de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)

E SEMPRE LONXE DA MEDIA DA Unión Europea (0,31) e de España, aínda superior (0,34 no 2016).

Tendencia semellante pode colixirse do segundo índice, o chamado S80/S20, que compara ou relaciona os ingresos do 20% máis rico da poboación co 20% máis pobre, de maneira que canto máis baixa sexa a relación quere dicir que hai unha sociedade máis igualitaria.

Os valores son para Galicia, UE 27 e España, respectivamente, de 4,2; 5,2 e 6,6



Fonte: Elaboración propia a partir de: IGE. Enquisa estrutural a fogares; INE. Encuesta de condiciones de vida; EUROSTAT. Income and Living Conditions (EU-SILC)

Ou o que é o mesmo: Galicia é máis igualitaria que a media europea, superando a países como Alemaña e Irlanda; e moito máis que o conxunto de España, sexa cal sexa o índice que empreguemos.

A segunda precisión ten que ver cos factores que inciden en que a igualdade sexa máis intensa, ou pola contra máis reducida.

A evidencia científica da que dispoñemos o que nos di é que o nivel da igualdade ten que ver, por este orde:

- 1) Co emprego e o funcionamento do mercado de traballo, e en particular co desemprego e coa febleza dos ingresos do traballo autónomo. É o desemprego o que ten incrementado as desigualdades e de aí a importancia de perseverar no crecemento económico.

2) As transferencias, e particularmente as pensións, teñen un efecto redistributivo enorme. O feito de que durante a crise non diminuíran e se mantivera o nivel adquisitivo das pensións é responsable de aproximadamente 18 puntos porcentuais de caída do índice de Gini con relación ao que sería de terse en conta tan só as rendas de mercado.

3) En cambio, a progresividade fiscal parece ter un efecto menor, e en todo caso

4) Moito menor que a incorporación á renda dos fogares do valor monetario dos servizos públicos sanitarios e educativos.

Ou o que é o mesmo, o efecto redistributivo da sanidade pública é superior ao que se deriva da progresividade da imposición directa.

E o mesmo cabe dicir da educación pública, que ten un forte efecto redistributivo asociado aos

niveis de educación infantil, primaria, secundaria e profesional².

Feitas estas dúas consideracións, xurde, inmediatamente unha pregunta, ¿como é posible que a desigualdade en Galicia estea por debaixo da media da UE e moito por debaixo da media do conxunto de España, e que mesmo se estea a reducir cun Goberno na Xunta que o único que leva facendo dez anos é destruír emprego, e destruír a sanidade e a educación pública?

Obviamente, a oposición non pode explicar esta contradición.

Non a pode explicar nin a oposición nin ninguén.

Porque a realidade é que Galicia está medrando e creando emprego, e con menos paro que en

² Francisco Goerhich Gisbert “Distribución de la Renta, crisis económica y políticas redistributivas”, Fundación BBVA, Madrid 2016.

España; e que este Goberno ten mellorado, pese á crise, a educación e a sanidade públicas.

E hai datos, novamente obxectivos, que o demostran:

► Temos incrementado a porcentaxe (do 35 ao 40%) do gasto sanitario no orzamento; e actualmente tamén en termos absolutos, (en máis de 250M€) con relación ao 2008.

► O último Barómetro Sanitario do CIS, con datos referidos ao 2017, amosa a mellora de valoración da sanidade pública galega (do 5,87 a 0,42 de media española en 2018 ao 6,49, a tan só 0,19 da media española).

► O informe que elabora a Federación de Asociacións en defensa da sanidade pública, que situaba a Galicia na posición

11 no ano 2009, a sitúa agora, no 2017, no octavo lugar.

Aspectos, todos, eles, dos que estou seguro que poderá afondarse na Comisión de Investigación creada pola oposición desta Cámara; na que o GPP, co seu presidente á cabeza, están desexosos de participar.

E con relación á Educación Pública tan só recordarlle, novamente, e para evitar a acusación de facer propaganda, outros dous informes independentes:

► O dirixido polo profesor Francisco Pérez³ no que Galicia figura por riba da media de España en todas as variables analizadas (máis recursos públicos por habitante, mellor taxa de acceso, maior equidade e maior aproveitamento do alumnado).

³ Diferencias educativas regionales 2000-2016. Ivie/Fundación BBVA, Madrid, 2018

► E o realizado polo profesor Angel de la Fuente⁴, para Fedea, que amosa que Galicia mantén un gasto por estudante, a todos os niveis e centros, 7 puntos por riba da media das CCAA.

Galicia ten uns niveis de desigualdade mellorables, pero envexables desde a perspectiva do conxunto de España, e tamén desde a media da UE 27.

É certo que se debe a multitude de causas.

Históricas, pois vivimos nunha sociedade de pequenos propietarios.

Sociais, porque o noso pobo, tan suxeito aos vaivéns do seu destino é un pobo particularmente solidario, no que a familia aínda desempeña un papel fundamental como elemento de cohesión, apoio e superación das dificultades.

⁴ Gasto educativo por regiones y niveles en 2015 y su evolución desde 2000, Fedea, 2018/16

E mesmo económicas, pois vivimos nun Estado que practica a redistribución da Renda (que fai subir ata 2-3 puntos a renda familiar dispoñible sobre a que nos correspondería dado o PIB per cápita na media nacional).

Pero o que non pode admitirse é que todo iso sexa a pesar da Xunta, e non porque a Xunta, que xestiona algúns dos factores que máis inciden na mellora da igualdade, o estea a facer todo mal.

Que os niveis máis xustos de igualdade social en Galicia non teñen que ver, contra toda evidencia documental, co gasto e a xestión do sistema sanitario público, da educación pública, ou co gasto directamente dedicado a políticas sociais é un argumento insostible:

- Nos últimos 5 anos, o gasto dedicado ás políticas sociais en Galicia medrou a case 300M€. A Consellería de Política Social

supera en 2018 os 700M€ (360M€ en dependencia; 133 en familia e infancia; 115 en Inclusión social; 103 en discapacidade; e 67 no SAF).

- Incrementou a cobertura de dependencia un 23% desde 2015 e a ratio de dependentes atendidos é do 85% (xullo deste ano), 7 puntos por riba da media do Estado.

Posiblemente, todo isto ten que ver coa igualdade. Como seguramente as máis de 17.000 novas prazas atendidas con fondos públicos desde o ano 2009, un 71% máis.

Porque este Goberno traballa pola igualdade. Pola de oportunidades, coa educación e a sanidade, e pola redistributiva, coa súa política fiscal e de gasto social. E faino por convicción ideolóxica, porque cremos na xustiza social e na solidariedade; e porque a redistribución favorece a cohesión e tamén o crecemento económico.

Pero tamén o fai porque contribúe á normalización da situación política, e á estabilidade institucional da nosa democracia.

VI

A preocupación pola consolidación da democracia non é exclusiva de Galicia, nin de España. Dela teñen falado, nos últimos tempos, moitos politólogos, alarmados polo feito de que tres décadas de expansión dos sistemas democráticos polo mundo, non deixemos de ver, nos últimos anos, involucións cara ao Autoritarismo; sexa en América con Trump, en Rusia con Putin, ou en China con Xi Jinping. Ou en Europa con Orban ou Erdogan; ou en Sudamérica con Maduro ou no lonxano oriente con Duterte; xorden alarmas pola fragilidade da democracia.

Nun recente e moi recomendable libro, titulado “Como morren as Democracias”, os profesores da Universidade de Harvard Steven Levitsky e Daniel Ziblatt⁵ advírtennos de 4 indicadores chave dunha posible deriva ou comportamento autoritario:

- En 1º lugar, o rexeitamento ou débil aceptación das regras do xogo.
- En 2º lugar, a negación á lexitimidade dos adversarios políticos.
- En 3º lugar, a tolerancia ou o fomento da violencia.
- E en 4º lugar a predisposición a restrinxir as liberdades da oposición e dos medios de comunicación.

⁵ Steven Levitsky e Daniel Ziblatt “Como mueren las democracias”. Ariel, 2018

O test dos indicadores parece sinxelo, pero non o é tanto cando formulamos preguntas específicas relativas a cada un dos indicadores:

- ¿Rexeitan a Constitución ou expresan a vontade de non acatala?
- ¿Describen aos seus rivais políticos como unha ameaza existencial para a vida das persoas?
- ¿Algunha vez se negaron a condenar e penalizar a violencia sen ambigüidades?
- ¿Teñen ameazado á prensa con medidas legais que restrinxan a súa liberdade de información?

Son preguntas que poden resultar incómodas, e cada un, na súa conciencia, saberá contestalas no seo da súa formación política.

Eu quero facelo en nome do meu grupo:

Non só rexeitamos ou aceptamos debilmente as regras do xogo democrático: contribuímos, no noso ámbito a reforzalas.

Este Parlamento foi reforzado coa reforma do seu Regulamento efectuada en 2015: nela se blindaron legalmente prácticas como a sesión de control ao Presidente ou o Debate do Estado da Autonomía pero tamén se abriron novas posibilidades de control para a oposición como foi o mecanismo de creación automática de comisións de investigación, que precisamente os grupos da oposición xa veñen de estrear a pesares de que dous deles votaron en contra da súa existencia.

Nos nunca negamos a lexitimidade dos nosos adversarios políticos. Nin os consideramos o inimigo; nin descualificamos a unha organización porque un, ou varios, ou moitos

dos seus integrantes resultasen investigados por casos de corrupción.

Nós sempre condenamos a violencia; nunca xustificamos a violencia política como gamberradas xuvenís; e nunca aceptamos, ou aceptaríamos o apoio de quen xustificou e mesmo a practicou para conformar unha maioría parlamentaria, por moi constitucional que esta sexa.

E non fomos nós, desde logo, os que desde o Goberno insinuamos a posibilidade de restrinxir a información, por moi fake que nos pareza algunha nova

E se todos os actores políticos de Galicia, de España e de Europa tivesen tan claras como temos nós as respostas, a democracia, certamente, non correría perigo.

VII

Señorías, esta mañá escoitamos o discurso dun Presidente que cre no seu país, no seu potencial e nas súas institucións.

Un Presidente reformista, que quere seguir cambiando, paseniña, pero decididamente, o noso país, para facelo mellor.

Un Presidente que está a impulsar reformas substanciais, e que transforman, para ben, a Galicia.

Reformas no eido económico:

- A regulación dunhas iniciativas empresariais prioritarias que sexan suxeito dunha especial simplificación burocrática
- A creación dun programa de segunda oportunidade para integrar no mercado laboral á mocidade que non estuda nin traballa

- Un enfoque da política de residuos orientada aos incentivos para a redución da xeración destes residuos
- Unha opción de política fiscal distinta á que vemos noutras administración e combinada cun descenso do nivel de débeda
- Medidas concretas para mellorar a produtividade das explotacións agrarias e, fundamentalmente, da produción forestal, cun mellor aproveitamento das terras.
- Un enfoque da política de vivenda baseado na rehabilitación, tamén con medidas de simplificación para o acceso ás axudas públicas
- Unha reclamación coherente dos investimentos e decisións políticas pendentes sobre infraestruturas do Estado

en Galicia, combinada cun compromiso de conservación das estruturas das nosas vías.

- Unha planificación do Xacobeo que utilice este evento como panca de transformación de Galicia.
- E unha continuidade do traballo serio e rigoroso cun novo Plan Estratégico 2021-2027.

Reformas no eido social:

- Reformas na sanidade que van máis aló das infraestruturas senón que incorporan novas prestacións para os pacientes crónicos, os hospitalizados a domicilio ou os que teñen enfermidades raras.
- Reformas educativas que manteñen os eixos do impulso do plurilingüismo, das

ensinanzas técnicas e da dixitalización, así como dando un papel destacadísimo á Formación Profesional.

- Reformas da política social, atendendo á dependencia con máis residencias públicas, un aumento do bono autonomía e un aumento do servizo de axuda no fogar.
- Reformas na protección dos menores, actualizando a Lei de prevención de consumo de alcohol entre este colectivo.
- Reformas no eido laboral, avanzando no diálogo social e implicando á Xunta de Galicia coa aplicación de cláusulas sociais nos seus procedementos de contratación e subvención.
- E sobre todo, unha atención especial ao eido que permitirá manter o resto de políticas sociais que é o impulso demográfico, cunha nova Lei e novas

medidas para incentivar o retorno dos emigrados.

E reformas institucionais:

- Renovando o noso compromiso co modelo constitucional e autonómico e avanzando a necesidade de reformar o Senado para fortalecer este modelo.
- Renovando o noso compromiso coa cultura, creando un proxecto de Legado Artístico e coa lingua galega coa promoción do seu uso entre a mocidade e no ámbito urbano.
- E esixindo unha reunión a máximo nivel entre Goberno de España e Presidentes autonómicos para pactar o modelo de financiamento autonómico, do que depende todo o resto de políticas das que falamos.

Para iso contará co amparo do grupo maioritario da Cámara, que o é porque reflicte o sentir maioritario de Galicia. Un grupo parlamentario que ademáis comparte o método proposto polo Presidente: o diálogo e a procura de consensos. Cos axentes sociais, co Parlamento, coa administración do Estado e coa administración local.

Desgraciadamente hai unha reforma pendentes que, sen o consenso da Oposición, será difícil avanzar.

É a que Manuel Rivas sinalaba, no artigo xornalístico no que eu souben de Jarosinski e os seus tuits. O artigo titulábase “La pereza del insulto”⁶ e a reforma pendente é “a reforma do insulto”. Para “Facelo un pouco máis artístico”.

Aínda que só sexa polo ben da convivencia constitucional.

⁶ El País Semanal, 6/3/2016

Por este Portavoz e polo noso grupo non ha de quedar.

Dixen.